



## INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1. Para inscribirse nalgunha das actividades xestionadas pola ANPA será preciso entregar a folla de alta que inclúe a orde de domiciliación que autoriza á ANPA para cobrar a cuota correspondente mediante domiciliación bancaria. O importe desta cuota dependerá da actividade solicitada(ver táboa de actividades). Todas as actividades,excepto natación, se cobrarán mensualmente.
2. Dita alta debe enviarse escaneada ao correo-e da ANPA. [anpaceipamaia.ames@gmail.com](mailto:anpaceipamaia.ames@gmail.com).
3. Non é necesario ser socio da ANPA para poder anotarse ás actividades, pero as familias que non sexan socias terán que pagar **20 euros** en concepto de matrícula.
4. As baixas é necesario comunicalas mediante envío dun correo electrónico a seguinte conta : [anpaceipamaia.ames@gmail.com](mailto:anpaceipamaia.ames@gmail.com). Deben comunicarse antes do día 20 do mes en curso para que non se cargue en conta a mensalidade seguinte.
5. De cara a facilitar a organización dos grupos, a data límite para realizar a inscrición nas actividades será o **15 de outubro**. A partir desta data non se garantirá praza na actividade solicitada.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, solicitámoslle os seus datos de carácter persoal, que serán tratados coa finalidade de xestionar os datos identificativos dos asociados, promover actividades organizadas pola asociación así como levar a cabo a xestión fiscal, contable e administrativa. Os datos poderán ser cedidos á administración tributaria, así como a bancos, entidades financeiras e xestoras para a domiciliación e tramitación de pagos. Os datos proporcionados conservaranse mentres permaneza de alta como asociado, ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa limitación, portabilidade ou supresión cando os datos xa non sexan necesarios. Para isto pode poñerse en contacto coa ANPA CEIP A MAIA no correo: [anpaceipamaia.ames@gmail.com](mailto:anpaceipamaia.ames@gmail.com).